

7. A música do século xx, as guerras mundiais

A música do Romanticismo, do século xix, soaba perfecta e inmellorable e cumpría a súa función de compracer a clase media. Os compositores sabían obter proveito das posibilidades de cada instrumento e da orquestra. Como podía facerse?

Historia e sociedade

No século xx as cousas cambiaron. Foi un século con dúas **guerras mundiais** e con moita **destrución**.

Atacouse a poboación civil, destruíronse cidades enteiras, houbo millóns de mortos inocentes.

A ameaza das bombas atómicas creou ansiedade e o mundo dividiuse entre o desenvolvemento do norte e a pobreza do sur. A ciencia e a tecnoloxía avanzaban rapidamente en todos os campos. Na música, os inventos para gravar o son íanse sucedendo rapidamente.



A música

Ata o século xx a música fora **evolución**: a melodía da Idade Media, a polifonía do Renacemento, a melodía acompañada do Barroco, o nacemento da orquestra no Clasicismo e o perfeccionamento dos instrumentos no Romanticismo. Agora faltaba **experimentar e romper**, ir máis alá das posibilidades dos instrumentos, da melodía, da orquestra, da harmonía e do ritmo.

Xa non era importante plasmar os sentimentos, nin a beleza, nin a diversión. A música tiña que reflectir o **horror** da guerra, o poder destrutor das ditaduras, as sensacións eran máis importantes que as emocións. A música xa non era amable, a música **rompía e reinventábase**.

Os compositores de **música de películas** compoñen como os músicos románticos ou como os do século xx, dependendo de se queren expresar sentimentos ou sensacións.

Stravinski foi o gran compositor rompedor:

- Os **acentos rítmicos** non eran os típicos do compás, eran caóticos e imprevisibles.
- As **melodías** eran rotas e difíciles de memorizar. A melodía non era o elemento máis importante.
- Os **instrumentos da orquestra** non cumprían o papel habitual.



Violín

O pintor **Pablo Picasso** cambiou a idea de pintura. Nunha época da súa vida, pintaba a realidade, pero descomposta en figuras xeométricas.

Instrumentos	Antes de Stravinski	Stravinski
Corda	Tocan melodías e acompañan a melodía con outras melodías.	Fan percusión marcando o ritmo a golpe de arco.
Vento-madeira	Dan notas de cor, enriquecen o son e tocan melodías bonitas.	Teñen máis protagonismo tocando a melodía, veces moi pouco melódica.
Vento-metal	Tocan máis ocasionalmente e dan forza e volume de son.	Teñen moito protagonismo e tocan moito tempo.